

Festas na Estrada

S. L. C.

Detrás das festas patronais da Estrada, o San Paio 2026, hai unha comisión formada por apenas cinco persoas que, sen experiencia previa na organización das celebracións, asumiron o reto de deseñar e financiar un programa que supera os 200.000 euros de orzamento.

Ao fronte está Iván Lorenzo, acompañado por José Luis Terceiro, José Ramón Blanco, Silvia García e Puri Areán, todos eles veciños da Estrada e vinculados ao tecido empresarial e social do municipio.

O traballo comezou xa no mes de setembro. Desde entón sucedéronse meses de reunións, procura de patrocinadores, organización de actividades e visitas a empresas e comercios para conseguir os fondos necesarios para sacar adiante as festas.

«Estivemos todo o ano recadando e facendo actividades. É un traballo continuo no que tamén puidemos contar cos consellos da anterior organización», explica Lorenzo.

A comisión contou con colaboración económica institucional, se ben a maior parte do financiamento procede da colaboración de empresas, comercios e veciñanza.

Boa resposta do tecido empresarial local

Lorenzo destaca especialmente a boa resposta do tecido empresarial estradense, aínda que considera que nas vilas existe menos tradición de colaboración veciñal que nas pa-

«As festas son un motor económico para os concellos»

Cinco veciños da localidade asumiron o reto de organizar por primeira vez o San Paio e lograron un orzamento superior aos 200.000 euros



CEDIDA

Os cinco integrantes da comisión organizadora das festas do San Paio 2026 da Estrada no centro da localidade.

roquias rurais. «Nas aldeas a xente xa ten interiorizado que as festas son algo de todos e que hai que aportar algo. Nas vilas ese costume está menos presente», sinala.

A decisión de asumir a organización naceu da vontade de introducir

novos formatos e ampliar a oferta tradicional do San Paio. «Queríamos facer algo diferente, non dicimos que sexa nin mellor nin peor. Simplemente é algo diferente do que se viña facendo», resume Lorenzo sobre unha programación que inclúe ac-

tuacións musicais variadas, pero tamén actividades deportivas e familiares, espectáculos infantís e propostas tradicionais. Os festexos comezarán este mércores 24 e prolongaranse ata o domingo 28.

Para Lorenzo, as festas patronais

teñen unha relevancia que vai moito máis alá do aspecto lúdico. «As festas son un importante motor económico dos concellos», asegura. Na súa opinión, a actividade xerada arredor dunha celebración destas características beneficia non só á hostalaría dunha vila, senón tamén ao comercio, ás empresas de servizos, ás imprentas, ás floristerías, ás tendas de roupa ou ás pequenas empresas locais.

«Cando hai festa a xente fai amaños na casa, merca roupa nova, vai peitearse... non só hai un retorno

Iván Lorenzo: «Nas aldeas a xente xa ten interiorizado que as festas son algo de todos. Nas vilas ese costume está menos presente»

nos negocios hostaleiros. Ao final beneficiáanse moitos sectores. As festas moven a economía dunha vila e crean actividade para todo o mundo», afirma.

Agora, a poucas horas do inicio das celebracións, a principal preocupación da comisión é que o tempo acompañe ao longo dos días de festexos e que o traballo de tantos meses se traduza nunha resposta masiva da veciñanza. O balance definitivo chegará despois do último foguete do San Paio, pero a ilusión, recoñece Lorenzo, xa está máis que cumprida. ■

AC Aluminios CAMPOS Metalistería

- Carpintería de aluminio
- Montaje de instalaciones comerciales
- Fabricación de estructuras y mobiliario metálico
- Transformación del metal
- Cizalla, plegadora, curvadora de cilindros, curvadora de tubos, fresa y torno

Polígono Industrial de Toedo, 6
36682 A Estrada (PO)
T. 986 57 03 95 • A Estrada
aluminioscampos@aluminioscampos.net
www.aluminioscampos.net

Agencia de viajes

SIMPLY TRAVEL

Justo Martínez, 22 -baixo
A Estrada
T. 686 153 409
info@simplytravel.es

INDUSTRIAS J. CERVINO

Industria J. CERVINO S.L.

T. 986 591 265
www.industriascervino.com

CENTRO GERIÁTRICO

Residencia Puentevea
www.residenciapuentevea.com

Siente que estás en casa

residencia amboage
GRUPO PONTEVEA

981 80 91 58

986 28 99 99

Festas na Estrada

Bustamante, Baiuca 9Louro e Panorama marcan un San Paio para todas as idades

As festas patronais celebraranse do 24 ao 28 de xuño cun variado programa de actividades

Redacción

As festas de San Paio 2026 da Estrada chegan cun programa amplo e repartido ao longo de cinco días, no que a música terá un peso destacado, pero sen deixar fóra a tradición, o deporte, as actividades infantís e as propostas para a mocidade.

A comisión organizadora, que se estrea este ano á fronte das celebracións, buscou construír unhas festas equilibradas e pensadas para públicos moi diferentes. «Queremos que haxa actividade durante todo o día e para todas as idades. Que todo o mundo atope algo que lle guste nas festas», explica a este diario o presidente da comisión, Iván Lorenzo.

O arranque será este mércores 24 de xuño, ás 12.30 horas, na Praza da Constitución, co pregón da agrupación tradicional Tequexetéldere e o chupinazo inicial. A primeira xornada incluírá música nas rúas, a actuación de Supermirafiori, o Tardeo de La Santa na rúa Serafín Pazo, o Día do Neno na Alameda con xogos acuáticos e festa da escuma, e o concerto nocturno de Adolfo FH na Zona dos Viños.

O xoves 25 será unha das xornadas máis orientadas á mocidade. A Zona Deportiva acollerá os primeiros partidos da AE League 2026 de fútbol 7, mentres que a Alameda se transformará no X-Fest, con obradoiros, grafiti, simuladores e xogos. Pola tarde haberá maxia con Pablo Estévez e animación da Charanga Támea. Xa pola noite chegará un dos pratos fortes: o concerto do muradán 9Louro, que arrasa entre a rapazada; a verbena da orquestra Gran Parada na Porta do Sol e, finalmente, a actuación de Baiuca, un auténtico fenómeno cultural e musical, na Praza de Galicia.

Aposta pola música galega

«Este ano apostamos pola música galega, pola música da terra, e tamén por propostas que están funcionando moi ben entre a xente nova», sinala o presidente da comisión de festas.

O venres 26, día grande na honra de San Paio, comezará con actividades deportivas como a Festa da Bicicleta e o torneo de Fútbol Sala 3x3,

ademais da música da charanga No-roeste, o concerto de Pacordas e a sesión vermú co grupo Punto Cero. Pola tarde, ás 20.00 horas, celebrárase a misa solemne na igrexa parroquial, cantada pola Coral Voces Amigas de Moraña, seguida da procesión coa Banda da Brilat, a Banda Municipal de Silleda e alumnado da 18ª promoción da Policía Local da AGASP. A noite estará marcada polo concerto de Ortiga na Praza de Galicia e pola verbena da orquestra Panorama na Praza da Constitución.

O sábado 27 chegará coa tradicional exhibición da Alfombra Floral, elaborada pola Asociación de Alfombristas, que encherá de cor as rúas céntri-

O pregón correrá a cargo da Agrupación Folclórica Estradense Tequexetéldere

cas durante toda a xornada. A mañá contará coa Banda Municipal da Estrada, a charanga Os Atrevidos e a sesión vermú do grupo D'Tazas. Pola tarde haberá clown con Marta Iglesias, concerto da Banda de Cornetas e Tambores e da Banda Agotaga de Ferrol, ademais da misa e procesión do Santísimo Sacramento. Pola noite actuarán a orquestra Galilea e David Bustamante, un dos nomes máis agardados do cartel. Como subliña Iván Lorenzo, o cántabro é «un artista coñecido por todos» e con capacidade para conectar con públicos de varias idades, desde xente nova ata persoas de mediana idade ou maiores.

O peche será o domingo 28 de xuño, cunha mañá protagonizada pola Banda Cultural da Estrada e a actuación da Moa Dixie Band na Praza do Mercado. Pola tarde disputaranse as finais da AE League e do XVI Torneo de Tenis Dobres, mentres o X-Fest continuará con propostas de skate, rap e realidade virtual. O espectáculo infantil de Dani Barreiro Kids, a Charanga Europa, o Sorteo do Escaparte e a orquestra Cinema conducirán cara ao final das festas, que chegará á medianoite cun castelo de fogos artificiais na Rúa 56. ■



CEDIDA

A actuación do cántabro David Bustamante, o sábado 27, é un dos pratos fortes das festas de San Paio deste ano.



CEDIDA

A orquestra Panorama protagonizará a verbena do venres 26.



CEDIDA

O muradán 9Louro actuará na Estrada o xoves 25.

San Paio 2026
Do 24 ó 28 de xuño

A Estrada en festas

DAVID BUSTAMANTE
9 LOURO - BAIUCA
ORTIGA PANORAMA

CINEMA GRAN PARADA GALILEA

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 2027 Deputación Pontevedra Concello da Estrada